



Percorrido BTT



Colaboran:



Percorrido Andaina



Síguenos en:

- www.concellodemanzaneda.es
- www.avaibooksports.com
- Andainas por Galicia <http://andainas.blogspot.com.es>

VI AdEM

Andaina de Manzaneda

I Ruta BTT

† 14 de XUÑO de 2015



Deserío de Loortada, Marta Conde



Patrocinan



† 20km ANDAINA aprox. (para todos os públicos)

† 37km e 23km BTT aprox. (nivel medio)

† Saída Escola de Manzaneda.
Andaina: 9:00 h. e BTT: 9:30 h.

A Vila medieval de Manzaneda será o encete da VI AdeM (Andaina de Manzaneda) e da I Ruta de BTT que terán lugar o vindeiro día 14 de San Xoán a partir das 9.00 horas para a andaina e 9.30 para a BTT cando nos dispoñamos a percorrer os camiños e carrouchos que separan e unen a vila con distintas aldeas polas que imos pasar para descubrir novos e vellos recunchos e lugares como Seoane, San Pedro, Borruga, Cubeiros, Trabazos, San Miguel, Bidueira, Reigada, Bidueira, Requeixo, Aldea de Arriba (Paradela), Escourido, Rozavales, Manzaneda, traxecto para BTT. Mentras que para a andaina son Seoane, San Pedro, Borruga, Placín, Aldea de arriba (Paradela), Escourido, Rozavales, Manzaneda.

Unhas e outras aldeas están comunicadas por vellos camiños que atravesan touzas de rebolos e fermosos soutos de castiñeiros, como os que atoparemos en Borruga, no Souto da Vella ou os que hai nas proximidades de Cubeiros. Seguindo o percorrido desta andaina cruzaremos regatos como o da Mourela, ou o de A Cea antes de chegar a Escourido, e iremos preto de rematar o noso percorrido cando pasemos por Rozavales e cheguemos a Vila de Manzaneda.

Nesta ocasión non só a natureza de Manzaneda nos convida a camiñar por ela, senón que a súa historia tamén nos chama para saber onde está e que forxou nas terras deste concello.

A ruta BTT ten como punto de partida o mesmo que a andaina, o patio da escola de Manzaneda para dirixirse a Seoane Vello, o que fora no seu día feudo do Mosteiro de Montederramo, de onde leva viño. Seguimos pola Corredoira ata San Pedro e dende aquí a Borruga subindo polo Souto da Vella, pasamos polo medio da aldea para coller o camiño que vai para Cubeiros de Abaixo e subindo ata o forno collemos o camiño dos soutos de Trabazos. Dende esta aldea pola pista que vai para as Veneiras imos para San Miguel e dende aquí pola Vereas para Bidueira, logo por San Paio para Reigada e pola Lomba ata Fondo de Vila, temos que coller o camiño que leva a Bidueira e este ao pontón de Requeixo, polo camiño de Prada ata o Couso de Placín para ir cara a Aldea de Arriba de Paradela, baixar para Escourido e dende aquí a Rozavales e Vila de Manzaneda, punto de remate.

REGULAMENTO

Inscripcións: Ata o **10 de xuño** na páxina www.avaibooksports.com. En: <http://www.avaibooksports.com/inscripcion/vi-andaina-manzaneda-y-i-ruta-btt/2116>

Informacións:

www.concellodemanzaneda.es / www.avaibooksports.com/AndainasporGalicia. Teléfono: 988 333 043. Enderezo electrónico: cleperez@hotmail.com. **Donativo á participación: 10€**,

dos que 2 serán entregados á Cruz Roja de Valdeorras, que se ingresará na conta de:

ABANCA ES78 2080 5314 2831 1000 1869.

Obrigatorio mandar copia do ingreso por fax 988 333 048 ou o correo electrónico: cleperez@hotmail.com.

A entrega de dorsais farase 30 minutos antes da saída. O número máximo de participantes é de: 250. Os participantes menores de idade, participaran baixo a responsabilidade dos seus pais.

Saída e chegada:

Saída: Ás 9:00 horas para a andaina e as 9:30 para a BTT e será do patio da Escola de Manzaneda. É preciso estar na saída mínimo 30 minutos antes para recoller os dorsais.

Chegada: O remate da proba prevese para as 14.30 horas, no punto de saída.

Agasallos:

- Sorteio de agasallos cos números de dorsais.
- Agasallo para todos os participantes.
- Sorteio de tres bonos regalo de estancias de unha noite para dos persoas, un en Oca Nova Manzaneda, outro en O Pazo da Pena e outro no Hotel as Maceiras.

Avituallamento:

Ao longo do percorrido haberá puntos de avituallamento e controis de paso. Ao remate comida popular para os participantes, no punto de saída.


Recomendacións:

- Levar calzado cómodo, preferentemente botas de montaña.
- Respetar as instrucións da organización
- Ser respetuosos coa contorna
- Levar un mínimo de avituallamento persoal.
- En caso de abandonar avisar á organización.
- Para os participantes na proba de BTT obrigatorio o uso de casco.

Observacións:

- A organización non se fará responsable dos accidentes ou danos que poidan ocorrerlle aos participantes, pero tratará por tódolos medios de evitalos.
- A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente ou negligencia. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión polo feito de participar.
- Entregar o dorsal á chegada á meta, para control.
- O Concello de Manzaneda dispón dun albergue turístico para aqueles participantes que queiran aloxarse. **Información: 988 333 043.** www.concellodemanzaneda.es

Como chegar a saída



Para comer e durmir

- **Albergue turístico de Manzaneda**
Tel. 988 333 043. www.concellodemanzaneda.es
- **Hostal Pendón**
Tel. 988 333 001. (Manzaneda)
- **Bar Nevada**
Tel. 988 333 050. (Manzaneda)
- **Estación de Montaña Oca Nova Manzaneda**
Tel. 988 309 090. www.manzaneda.com
- **Pazo da Pena**
Tel. 988 333 038. (Manzaneda)
- **Hotel As Maceiras**
Tel. 988 330 034 / 686 46 90 00. (Trives)

Datos de interese e perfil da andaina

Coordenadas saída: X 645.739 m - Y 4.685.610 m. DATUM WGS84
Altura saída: 673 m. Distancia total percorrido andaina: 20,5 km. Tempo estimado: 5 h.

Distancias Ruta BTT: 37 e 23 km (aprox.).

Aldeas de paso: Vila de Manzaneda (saída), O Poblado, Seoane, San Pedro, Borruga, Cubeiros, Trabazos, San Miguel, Reigada, Bidueira, Requeixo (só BTT), Borruga, Placín, Aldea de arriba (Paradela), Escourido, Rozavales, Manzaneda

